

CUADRANTE



ENTREVISTAS OLVIDADAS

*OTRAS ENTREVISTAS
Y CARTAS OLVIDADAS*

*A OBRA DE VALLE-INCLÁN COMO FONTE
DE INSPIRACIÓN MUSICAL. PAPELETAS PARA UN
CATÁLOGO DE COMPOSITORES. IV*

*LA PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN EN
UNA REVISTA DEL FIN DE SIGLO:
INSTANTÁNEAS (1889-1900)*

*DISCURSO ESCÉNICO Y DISCURSO
CINEMATOGRAFICO EN LA OBRA DE
VALLE-INCLÁN*

UN VALLE-INCLÁN CASAMENTERO

*¿LA ÚLTIMA MUSA DEL MARQUÉS
DE BRADOMÍN?*

LECTURAS DE VALLE-INCLÁN

LA PIPA DE KIF POR XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Nº 21

*Go Amigos
Valle Inclán*

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

ENTREVISTAS OLVIDADAS

*OTRAS ENTREVISTAS
Y CARTAS OLVIDADAS*



*A OBRA DE VALLE-INCLÁN COMO FONTE
DE INSPIRACIÓN MUSICAL. PAPELETAS PARA UN
CATÁLOGO DE COMPOSITORES. IV*

*LA PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN EN
UNA REVISTA DEL FIN DE SIGLO:
INSTANTÁNEAS (1898-1900)*

*DISCURSO ESCÉNICO Y DISCURSO
CINEMATográfico EN LA OBRA DE
VALLE-INCLÁN*

UN VALLE-INCLÁN CASAMENTERO

*¿LA ÚLTIMA MUSA DEL MARQUÉS
DE BRADOMÍN?*



LECTURAS DE VALLE-INCLÁN

LA PIPA DE KIF POR XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO

Amigos
Valle-Inclán
Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS N° 66
www.amigosdevalle.com
Decembro 2010

Director:
Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:
Joaquín del Valle-Inclán Alsina
Xosé Luis Axeitos
Sandra Domínguez Carreiro
Jesús Blanco García
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Director Servicio de Publicacións:
Gonzalo Allegue

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:
Silvia Badal Palacio

Imprime:
Imprenta Fidalgo, S.L.
Cambados (Pontevedra)

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

ENTREVISTAS OLVIDADAS

Joaquín del Valle-Inclán Alsina:
Otras entrevistas y cartas olvidadaspáx. 5

Fernando López-Acuña López:
A obra de Valle-Inclán como Fonte de Inspiración Musical. Papeletas para un catálogo de compositores. IVpáx. 33

Antonio Espejo Trenas:
La Presencia de Valle-Inclán en Instantáneaspáx. 50

José María Paz Gago:
Discurso escénico y cinematográfico en la obra de Vallepáx. 59

Victoria Martínez:
Un Valle-Inclán casamenteropáx. 70

Virginia Milner Garlitz:
¿La última musa del Marqués de Bradomín?..... páx. 80

LECTURAS DE VALLE-INCLÁN

La Pipa de Kif
por Xosé María Álvarez Cáccamopáx. 94



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2010.

CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de Cuadrante o partes de ella sean utilizadas para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de Cuadrante precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.

Lectura da Pipa de Kif

polo poeta
Xosé María Álvarez Cáccamo



RUMBOS DE LA PIPA DE KIF


Xosé María Álvarez Cáccamo

Déixome levar polo arrecendo do fume, pola suxestión visionaria e polo engado danzante da música de La pipa de kif. Se obedezo as indicacións de viaxe propostas polo autor, non hai perigo de extravío. Don Ramón María del Valle-Inclán, como noutras mostras do seu excepcional xenio artístico, propón neste libro de 1919 un itinerario que nos transporta en equilibrio entre as densas fonduras da trascendencia simbólica e o discurso satírico que vai configurando a estética do esperpento. Da incursión no territorio dos paraísos artificiais, sen renunciar ao efecto de verdade, á virtude indagatoria da experiencia alucinóxena, estimulante ou calmante, Valle regresa investido cos atributos da sabiduría irónica. Semellante tonalidade presidira xa os exercicios espirituais da poética fantástica titulada *La lámpara maravillosa*, un tratado de misticismo laico destinado á procura de certezas relativas aos procesos de creación artística.

Relido agora, en 2010, máis de cuarenta anos despois da miña estrea como receptor xuvenil abraiado fronte á sedución da palabra de Valle-

Inclán, La pipa de kif abandona aquela función de guía –compartida con outros manuais decisivos, obras de Herman Hesse ou dos poetas da beat generation– para mozos e mozas que comezabamos a practicar certos rituais de disidencia nos que resultaba imprescindible o gozo grupal do pito de hachís ou marihuana. E gaña en capacidade de comunicación estética e emocional, unha vez liberado daquela carga de trascendencia por mor da actual ubicación cronolóxica deste destinatario, que conta hoxe sete anos máis de idade que o autor na hora da primeira edición. Non obstante, cómpre considerar aínda o efecto revulsivo, a heterodoxia activa de La pipa de kif para un momento como o actual, en que perviven, ou mesmo se revitalizan, hábitos de represión moral sobre o consumo da “verde yerba de Estambul”.

Hoxe sei, porén, que Valle-Inclán non labrou os versos de La pipa de kif a xeito de discurso apoloxético, por máis que declarase que a graza do cannabis lle devolvía a visión da inocencia infantil. A súa era unha experiencia vivida e formulada coa naturalidade



Portada de La Pipa de Kif

que lle permitían o seu tempo e a súa propia disposición temperamental. Vitalista e nostálxico, o poeta se entrega ás atmosferas dun mundo que aparece bañado no arrecendo transparente do alborcer. O primeiro poema -homónimo do libro, “La pipa de kif”- leve, irónico, mesmo simpático nas súas formulacións de virtuosismo rítmico (e, ás veces, tamén conscientemente arrítmico), conserva aínda potencia de aparello interrogante, ángulos de ollada simbolista: “El ritmo del orbe en mi ritmo asumo.” A pipa de kif arde en homenaxe á deusa Primavera neste limiar gozoso que aínda non anuncia a perspectiva expresionista e crítica de varias “claves” posteriores. A experiencia da herba visionaria constitúe vivencia sensual pero abre tamén algunha porta ao coñecemento emotivo e intelectual das esferas da outra beira da existencia:

“Mi sangre gozosa claridad asiste
Si quemó la Verde Yerba
de Estambul”.

Gozo e coñecemento no diálogo de fusión do home co universo:

“Encendidas normas
por donde va el coro
Del mundo: está el mundo
en mi corazón”.

A Primavera acende o ánimo do poeta, que regresa á inocencia transportado en volutas de mistéricos fumes. A inocente disposición anímica xustifica un irrefreábel brinco herético e burlesco:

“Por la divina primavera
Me ha venido la ventolera
De hacer versos funambulescos
-Un purista diría grotescos”.

Son os caprichos rimados da Clave II, os do poema titulado “¡Alelu-ya!”, enredos musicais en formato de pareados eneasílabos, unha colección de viñetas ou “cabriolas espantables” destinadas a provocar ás xentes de orde. Érguese de cando en vez o chararís dunha imaxe xenial que proclama intencións e efectos magníficos de esferpento:

“Yo anuncio la era argentina
De socialismo y cocaína.
De cocotas con convulsiones
Y de vastas Revoluciones”.



Interior de La PIPA de Kif de 1919

Reviravolta circense –funambulesca–, contraste equilibrista entre conceptos de dimensión épica e detalles de entidade menor que introduce irreverentes proposicións de moi valleinclanesca vontade ácrata. Comeza a estadea dos heroes clásicos cara aos rumbos do Callejón del Gato. Sentimos, ademais, o latexo do fondo ideolóxico de Valle, progresivamente abeirado aos dominios da esquerda revolucionaria. E asistimos talvez ás primeiras declaracións de intencións para unha nova fórmula artística no proceso histórico da súa obra, a poética do esperpento, que o autor sitúa no espazo xenérico das vangardas –como comprobaremos noutros poemas deste libro– e identifica fundamentalmente co futurismo:

“¡Pálida flor de la locura
 Con normas de literatura!
 ¿Acaso esta musa grotesca
 -Ya no digo funambulesca-,
 Que con sus gritos espasmódicos
 Irrita a los viejos retóricos,

Y salta luciendo la pierna,
 No será la musa moderna?”.

Musa moderna, de cerna expresionista e xa non modernista, malia o entusiasta recoñecemento ao maxisterio de Rubén Darío en versos deste mesmo poema que traen arrecendo de despedida ás normas da sublime Estética intersecular:

“Cantor de Vida y Esperanza,
 Para ti toda mi loanza”.

Añíase o gume expresionista, da tradición de Quevedo e Goya, axiornada por Solana ou Zuloaga e revitalizada con singular acento na obra de Valle-Inclán desde a década dos anos 20, na sucesión de estampas descritivas que constitúen “Fin de Carnaval”, un poema decididamente esperpéntico. As imaxes que constrúen o texto semellan acoutacións teatrais concebidas ao xeito das usadas en Luces de Bohemia, fotogramas de sentido autónomo e potente efecto visual e plástico. Algúns dos recursos técnicos característicos do esperpento activan xa a súa función de degradación satírica. Así, a cousificación:

“Latas, sartenes, calderos,
 Pasan en ciclón”.

Redondea o poeta o deseño do ambiente degradado, absurdo e sórdido, en clave de farsa e ao servizo da ela-

boración do antiheroí colectivo, protagonista da celebración dun enterro da sardiña que se inspira nun célebre cadro de Goya. Brilla, máis unha vez, o seu oficio de creador de imaxes maxistras:

“Lleva al arroyo rieles
La taberna en luz”.

Por vía de procedementos de humanización de sutil carga humorística, Valle borda greguerías, pincelada de vangarda en versos de formato tradicional:

“La luz se tiende a regueros
Sobre el pelotón”.

O poema entrega unha xenerosa acumulación de prodixios expresivos e de fantásticas escenas de superior entidade satírica, como a da impactante xuntanza canina destes versos:

“Juntan su hocico los perros
En la oscuridad:
Se lamentan de los yerros
De la Humanidad”.

Maíor intensidade e variedade de cor, máis vibrante dinamismo de formas e movementos pintan a “Marina norteña”, un sobrecargado cadro costumista que insinúa, pero non resolve –nin pretende esa solución– aberturas de vangarda futurista. Futurista é a composición evocada, o conxunto de

elementos que compoñen a figura da lembranza. O ámbito estridente da taberna, “el tabaco, los naipes, la reyer-ta”, a tristura da tarde, a lúa oculta pola néboa, a goleta lonxincua “cortando el arco de la luz poniente” ... conforman unha composición visual que ao poeta lle suxire propostas de novos códigos estéticos:

“La triste sinfonía de las cosas
Tiene en la tarde
un grito futurista:
De una nueva emoción
y nuevas glosas
Estéticas se anuncia
la conquista”.

Fronte ao referente da modernidade mecánica, a velocidade e o deporte, fronte ao automóbil de carreiras que Marinetti elevaba a superior categoría de arte, Valle-Inclán selecciona unha estampa popular, unha marina tópicca, revitalizada con vigor de imaxe espléndida e rotundos ritmos de xine-modernista. ¿Haberá no alicerce intencional desta escolla un punto de ironía, unha afirmación de distancia fronte aos farsantes que descoñecen que o esperpentismo –coma quen di: a vangarda– xa o inventara Goya? A opción de outorgar virtualidade de código vangardista a unha pintura de ambiente, a unha natureza viva, responde, en todo caso, a esa permanente que-rencia valleinclanesca polo universo do popular, de cerna galega ou madri-

leña, enxebre ou castiza. O futurismo está inventado: é a propia realidade das cousas no seu asombroso xogo de combinacións. Pero o poema de Valle, como o resto dos que compoñen La pipa de kif, non verbaliza a emoción nova con “nuevas glosas estéticas”, a menos que singularicemos a novidade no espazo exclusivo —e tan xeneroso en resultados— do esperpento e non a identifiquemos coas vías do futurismo. Entre nós houbo un grandísimo poeta, un dos maiores do ámbito europeo, Manuel Antonio, que si glosou o berro da natureza e os ambientes de mar e taberna con fórmulas estéticas de vangarda.

Cun nostálxico álbum de caricaturas nos agasalla o poeta na Clave V, a do poema “Bestiario”, que reúne a colección poeirenta da “Casa de Fieras del Buen Retiro”. Valle regresa á nenez, como cando recobrara a graza matinal por obra do kif, através do gozo na contemplación dos animais engaiolados que trazan a figura do Gran Bestiario Zodiacal. Pero non son os ollos da inocencia infantil senón os dunha óptica sarcástica ategada de experiencia e afiada nun ferrete envelenado os transforman o inventario zoolóxico nun fresco social de perfil expresionista. O prodixio caricaturesco da antropomorfización de diferentes especies animais remata na reviravolta da animalización de colectivos raciais e persoeiros de sona. O canguro “Tene trazas de alemán”. A impertinencia do

leopardo evoca o xesto do inglés. O oso “Recuerda al Conde de Tolstoy”. A cotorra “luce una falda / Que fue de la Infanta Isabel”. A xirafa lembra a “divina / Silueta de Sara Bernhardt”. O fantástico zoo esperpéntico reserva aínda unha gaiola para a exhibición da experiencia vidente. É o territorio do pavo real, convocado así:

“¡El negro opio de la China
Sabe tu verso ornamental,
Ave divina
De un paraíso artificial”.

O poema afortala a súa arquitectura nos alicerces da imaxe inesperada, con frecuencia fundamentada en conexións analóxicas da cerna da greguería, o certoiro aparello inventado por Ramón Gómez de la Serna, que Valle reutilizou e os poetas de vangarda e os da xeración do 27 continuaron a cultivar. Unha axeitada reformulación gramatical destes versos que os deixase en liña directa de definición daría unha greguería clásica:

“Temeroso esconde las crías
En el buche de acordeón:
Antipatías
Tiene el canguro de embrión”.

Estes outros non precisan reordenación para seren aceptados como mostra evidente do xénero:

“La cabra contempla la vida

Con los ojos muertos de luz”.

Equilibrios de humor e metáfora, experimento imaxinativo e disposición satírica do esperpento.

En ton de poema menor, “El circo de lona” fai eco complementario ao espectáculo do fresco social que pinta a casa das feras. Pero a sátira alixeira aquí as súas proporcións. O poeta mostra a súa simpatía polas derrotadas paisaxes por onde transitan os humildes, a súa atracción pola estética do cutre, unha predisposición de tenrura que tempera a perspectiva elitista:

“Y danzan los brillos
De falsos anillos,
Peines y brinquillos
Por el redondel.
¡Dicen la quimera
De una vida entera,
Sueño de ramera
Triste, en el burdel!”.

Trátase do reiterado recurso de elevación a categoría épica de realidades vulgares -a épica das multitudes, a solemnidade da pobreza-, metamorfose non exenta de trucos de garimosa ironía, como a que se mostra nos versos finais do poema:

“¡Circos! ¡Cantos olvidados
De fabulosas edades!
Heroicos versos dorados
De Alcibiades”.

Non resulta allea a esta sucesión de escenas de humilde espectáculo circense enxergado en perspectiva de dimensión social a outra visión, a do contemplador inmerso en néboas de kif, ángulo óptico que conforma no libro unha sorte de motivo vivencial empregado a xeito de fío estruturador do conxunto:

“Vuelo de gayas banderas
Que en la azulada neblina,
Se tienden por mis quimeras
De cannavina”.

No itinerario que La pipa de kif propón e eu percorro agora con libre vontade viaxeira, a serie de poemas dedicados ao crime de Medinica, claves VII a XIV, traza unha despaciosa volta no camiño que me adormece e que, na miña lectura -de pretensións nada académicas-, perturba o vibrante curso deste libro singular. É unha sucesión de estampas costumistas, de acento artificiosamente tráxico e timbres dun realismo acartonado. O autor, non obstante, non pode disimular as súas galas de virtuoso do ritmo e da imaxe, que brincan de cando en vez con estouros felices:

“En el campanario la flaca cigüeña
Esconde una pata
y el misterio enseña:
La villa amarilla
toda es resplandor”.

Pero dimite Valle provisoriamente da pronuncia quebrada e crítica do expresionismo esperpéntico e mesmo da reiteración de motivos simbolistas, fantasías labradas polo efecto do kif e solemnidades de brillo modernista. O guión da dramática crónica dun crime, vestido con vedrañas roupas de lenda, moi distante do testemuño satírico e social da contemporaneidade ou da exhibición da experiencia vidente, couda esas solucións máis atrevidas e máis concordes coa nova estética que constitúe a principal aportación de La pipa de kif. A clave XIV, que fecha a serie, recobra, non obstante, a liña central do discurso anovador coa presentación do relato a xeito de cantar de cego acompañado de viñetas de perfil inxenuo, elemental e rotundo:

“Crimen horrible pregon a el ciego.
Y el cuadro muestra
de un pintor lego,
Que acaso hubiera placido
al Griego.
El cuadro tiene fondo de yema,
Cuadrulado para el esquema
De aquel horrible crimen
del tema”.

O espeluznante “crimen del tema” anterior, relatado en tónico formato de traxedia hiperbólica, resulta agora reducido a dimensión familiar e transmitido con fórmulas de simpático e irónico rexistro visual, como corresponde á modalidade do cantar de

cego. O contraste coa serie de poemas que precede a este final resulta patente. Semella como se o autor, disconforme co seu propio exceso, decidise correxilo con este epílogo de sarcástica pintura popular:

“En la cocina tienen doblada
Dos hombres negros a la criada.
Moño colgante, boca crispada.
Boca con grito que pide tila,
Ojos en blanco, vuelta pupila,
Una criada del Dies Illa”.

O lector volve a reconfortarse coas felices ocorrencias imaxinativas do mellor Valle-Inclán, o inventor do esperpento:

“Azules frisos, forzado armario,
Jaula torcida con el canario,
Vuelo amarillo y extraordinario”.

Recuperado o itinerario máis decidido de La pipa de kif con esta corrección final de rumbo, o libro achégase a un final sinfónico e soberbio, o dos dous últimos poemas, “La tienda del herbolario” e “Rosa del sanatorio” - poética dos paraísos artificiais-, através de senllas composicións de paso transitorio, escenas ambas de ámbito popular madrileño. Son “Vista madrileña” e “Resol de verbena”, escenas de tarde triste e multitudes humildes e inocentes, apenas feridas polo aguillón esperpéntico, pois Valle-Inclán, como noutras ocasións, deixa ver aquí a súa

disposición de tenrura e simpatía polas xentes do pobo. Tasca, luz de acetileno, tranvías, unha moza triste, un zapateiro “Que silba a un jilguero / La Internacional” son algúns dos elementos que crean o ambiente da “Vista madrileña”. Solpor de luz ingrata, fume de churros, atmósferas equilibradamente dramáticas, unha “sombra morada”, o histerismo dos berros no tiovivo, chulos, gardas, navallas, a costureira endomingada, o estudante que se namora ... constrúen a estampa popular –pintura social da colectividade dignificada, non idealizada- de “Resol de verbena”. Con ambos poemas, Valle marca outro contraste de tonalidades fronte aos acentos máis incisivos de poemas como “Fin de carnaval” ou “Bestiario”.

O contraste marca tamén o tránsito cara aos textos finais do libro, que se fecha en estrutura circular, recuperando o ton luminoso do poema inicial, exaltación –de rexistros temperadamente hímnicos- dos efectos da herba que conduce ao territorio dos paraísos artificiais. “La tienda del herbolario” constitúe un detallado e heteroxéneo mostrario de vexetais exóticos, alucinóxicos, estimulantes, curativos, afrodisíacos ou refrescantes : canela, tabaco, heliotropo, coca, xalapa, campeche, pita, cacao, chocolate, mate, opio, marihuana, kif. O poeta le nos andeis nos que se ofrece aquela esplendorosa variedade de produtos máxicos a letra sagrada dun breviario,

guía ou poética –autopoética do autor de La pipa de kif- para unha visión de alcance simbólico, superior :

“Clave de aromas que
en sí condensa
Del universo la visión densa”.

Reitérase a afirmación do poder cognoscitivo, de sabiduría visionaria, ao que se accede através de determinadas herbas, a que consumían os “alumbrados”, a que deu vigor aos indios de América e aos colonizadores daquel continente, a que promove un soño oriental de “trágicas farsas funambulescas”, a que abre o “sésamo de la alegría”. A exaltación dos “verdes venenos” que outorgan ciencia e forza, gozo e visión, complementase co eloxio doutras substancias caracterizadas con exóticos atributos de erotismo, como a canela e o zume de pita, ou capaces de provocar o feitizo de longas e adustas olladas como as que produce o mate, coñecido tamén como “té paraguayo”. Valle-Inclán non disimula a súa preferencia pola marihuana, o “kif de Turquía” que arde na pipa do poeta como reiterado motivo central e constrúe un universo de imaxes de fantástica claridade:

“A todos vence la marihuana
Que da la ciencia del Ramayana”.



Con este recoñecemento ao significado crucial da “Yerba del Viejo de

la Montaña” culmina Valle a súa autopoética de fumador de kif e de poeta simbolista e satírico, modernista aínda e xa proclive a deixarse seducir pola nova estética das vangardas.

De imaxinería vangardista, ou sexa “Cubista, futurista y estridente” é a sensación causada polo cloroformo, o “alarido interno”, a “luz de acuario”, o “amarillo olor del yodoformo” que se describe no último poema, “Rosa del sanatorio”, un estupendo soneto heterodoxo -con mudanza de rimas no segundo cuarteto- que trae dramáticas fonduras de ferida verdade, a do valeroso doente que foi Don Ramón María del Valle-Inclán. Nestes versos finais pronuncia o poeta unha soberbia confianza irónica: a ledicia infantil e a translúcida sabiduría facilitadas polo cannabis e o caos febril do cloroformo conviven no tramo derradeiro do discurso poético de La pipa de kif, como se a droga anestésica formase parte

do inventario dos doces velenos vexetais ofertados na tenda do herbolario. Esta rosa de sanatorio non exhala, non obstante, arrecendos de exótica raíz antiga e oriental como os que proceden da erba do home da montaña, senón atrevidas propostas para unha estética moderna, quebrada e dolorosa, “verde mosca” esperpéntica a zoar arredor da barca na que navega o enfermo polo “ancho río / Que separa un confín de otro confín”. Así se completa un novo círculo o que abranxe toda unha vida, desde a graza matinal do primeiro poema, onde se convocan ledicias de infancia, até esta derradeira imaxe fluvial e clásica da fronteira coa morte. Esférico mapa de varios e decisivos rumbos existenciais e estéticos do indiscutíbel narrador e dramaturgo, do grande e irregular poeta que foi don Ramón María del Valle-Inclán.





Miro esta provincia e vexo cultura

Mirar A Coruña é ver unha provincia que crece coa cultura. Unha provincia que mira ao futuro, que facilita o acceso de todos cunha ampla oferta cultural. Promovendo Bolsas e fomentando a arte.
Mirar a provincia da Coruña é ver futuro.



**DEPUTACIÓN
DA CORUÑA**



Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



P.V.P

5 €